



## 1. INTRODUCCIÓN

Esta unidade didáctica está concibida para traballar despois do visionado de *deseXo*. Este espectáculo nace como resultado dunha investigación sobre as consecuencias na adolescencia da ausencia de educación sexual, e da busca de información nas redes sociais e na pornografía. A partir da propia investigación efectuada para a obra, elaboramos esta unidade que ten como finalidade traballar diferentes contidos relacionados coa pornografía e as relacións afectivo-sexuais.

Nun principio está dirixida a alumnado de 3º e 4º da ESO, xunto co de Bacharelato; se ben é posible aplicar algunha das actividades a niveis de 1º e 2º da ESO.

Tanto no proceso de creación do espectáculo como no da realización desta unidade didáctica contamos co asesoramento da sexóloga Bárbara Penas.

A nosa proposta de unidade didáctica é para unha sesión, xa que a experiencia con unidades didácticas doutros espectáculos, nos di que a carga lectiva non permite dedicarlle moito máis tempo.

Esta é unha unidade didáctica está formulada para as idades do ensino secundario pero sabemos que non é o mesmo un adolescente de 12 anos que un de 17. A persoa que traballe con ela terá que valorar a idade do alumnado e o seu desenvolvemento.

## 2. COMPETENCIAS CHAVE

Desde esta unidade didáctica pretendemos contribuír á adquisición das seguintes competencias chave:

1. Competencia en comunicación lingüística. Preténdese que a linguaxe sirva como instrumento de comunicación (oral e escrita), comprensión, interpretación, organización e autorregulación do pensamento, emocións ou conduta. Preténdese que o alumnado exprese oralmente ou por escrito pensamentos, emocións, opinións e goce escoitando.

2. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico. Nesta unidade afróntase basicamente desde o respecto ás persoas e á diversidade sexual.
3. Competencia dixital. Trabállase naquelas actividades que requiren a busca e selección de información en distintas fontes.
4. Competencia social e cívica. O respecto ás diferentes opinións e culturas, e a superación dos prexuizos.
5. Competencia de conciencia e expresións culturais. Preténdese conseguir apreciar e comprender distintas formas de manifestacións artísticas e culturais, principalmente o teatro e a literatura, que servirán como fonte de goce e enriquecemento persoal.

### 3. OBXECTIVOS

- Comprender e interpretar textos teatrais.
- Analizar a situación da educación sexual na sociedade actual.
- Identificar os prexuizos e falsos mitos sobre o sexo.
- Comprender e valorar a diversidade sexual
- Fomentar o respecto e a comunicación nas relacións afectivo-sexuais.
- Valorar e producir breves producións literarias.
- Valorar e coñecer o teatro galego moderno.

### 4. CONTIDOS

- O tabú sobre o sexo.
- As consecuencias dunha educación sexual baseada na pornografía.
- A diversidade sexual.
- A educación sexual na sociedade.

- A comunicación e o respecto no sexo.

## 5. METODOLOXÍA

Propoñemos unha metodoloxía aberta e participativa, tomando **o debate** como ferramenta principal, para chegar a traballar o pensamento crítico do alumnado. Pensamos que pode ser positivo primeiro facelo en pequenos grupos, para que sexan máis áxiles e participativas as dinámicas e posteriormente facer unha posta en común co resto da aula.

A formulación destas dinámicas pretende evitar unha estrutura temática previsible para o alumnado. Para iso a formulación das cuestións será causal, é dicir, que o contido dunha pregunta leve á seguinte, dun xeito natural.

Os temas estarán inseridos de xeito transversal e o docente disporá nesta guía da información que lle permita conducir os diferentes debates.

## 6. TEMPORALIZACIÓN

Nun principio, a unidade está pensada para realizar nunha sesión lectiva. Porén, como se trata de actividades máis ou menos independentes e que tratan diferentes aspectos sobre educación sexual, o profesor ou profesora pode escoller aquelas que lle acaian mellor á súa programación e segmentar a unidade de acordo cos seus intereses.

## 7. PROPOSTA DE ACTIVIDADES

### *7.1. Acróstico sobre o sexo:*

Coa idea de xerar un debate inicial, propoñemos crear un acróstico sobre diversas palabras. Para isto, dividiremos ao alumnado en grupos de entre 3 e 6 integrantes. A cada grupo entregáremoslle un papel onde aparecerá unha palabra, escrita en vertical no medio da folla.

Cada grupo deberá crear unha nova palabra con cada letra da palabra que lle propoñamos. A condición é que cada unha das palabras novas deberá estar, segundo o criterio do grupo, en relación de significado coa palabra inicial da que parte o exercicio.

Vexamos un exemplo coa palabra sexo:

<b>S</b>	<b>S</b> educir
<b>E</b>	fod <b>E</b> r
<b>X</b>	<b>X</b> emido
<b>O</b>	<b>O</b> rgasmo

O interesante desta actividade é poder ver unha choiva de ideas, que despois poderemos agrupar no encerado nunha posta en común, e así poder dispor dun punto de partida para comprender como ven eles/elas este mundo da sexualidade.

As palabras que propoñemos para este acróstico son: sexo (ou sexualidade), e porno (ou pornografía)

## **7.2. Tipos de porno:**

Mantemos os grupos do anterior exercicio e explicámoslles que as páxinas porno están divididas en categorías. A páxina *Pornhub*, unha das máis visitadas do mundo, publica ao final de cada ano unha lista coas categorías máis vistas. Pedímoslle a cada grupo que, logo dun previo debate interno, propoña unha categoría, a ver se son capaces de adiviñar cal foi a que tivo máis visionados.

Isto permitiranos, por un lado, establecer o coñecemento que ten o grupo sobre a pornografía, e por outro iniciar un debate sobre a calidade deste tipo de contido, sendo este sempre de carácter racista (latinas, asiáticas...) e extremadamente sexista.

Para realizar o exercicio, deixamos aquí o listado de categorías do ano 2023:

- |              |               |               |
|--------------|---------------|---------------|
| 1. Hentai    | 11. Anime     | 21. Femboy    |
| 2. Milf      | 12. Threesome | 22. Pov       |
| 3. Lesbian   | 13. Ebony     | 23. Amateur   |
| 4. Japanese  | 14. Massage   | 24. Cosplay   |
| 5. Pinay     | 15. Creampie  | 25. Trans     |
| 6. Anal      | 16. Big tits  | 26. Indian    |
| 7. Asian     | 17. Gangbang  | 27. Korean    |
| 8. Latina    | 18. BBC       | 28. Black     |
| 9. Big ass   | 19. Blowjob   | 29. Animation |
| 10. Step mon | 20. Public    | 30. Mature    |

### **7.3. Como é a xente no porno?**

Hai un sketch da obra de *deseXo* na que se tratan de condensar todos os tópicos do porno. Para este exercicio, seguimos traballando cos grupos, e pedímoslles que nun folio escriban dúas cousas:

- Características que teñen os corpos dos homes e mulleres que saen no porno.
- Adxectivos que definan as actitudes dos/as intérpretes no porno, diferenciando entre as actitudes dos homes e as das mulleres.

Esta actividade permitiranos falar sobre o ideal de beleza que aparece no porno, e sobre as características e actitudes tan sexistas e perniciosas para unha persoa que está a formarse e adquirir conceptos sobre a sexualidade.

### **7.4. Mitos sobre o sexo:**

Hai un par de sketch na obra nos que, con humor, trátase sobre a forma de ligar: o homínido e a femínida galicianos. Neles quérese propor unha reflexión sobre os estereotipos no sexo. Parece que todo o mundo debera afrontar o sexo da mesma maneira. Iso, en gran medida, ten que ver cos mitos establecidos sobre o sexo.

Propoñemos aquí algúns deles para ver se o alumnado os comparte ou non e, a partir do debate, tratar de desmentilos:

- No sexo non se fala, actúase.
- A penetración sexual é a práctica que dá máis pracer.
- O sexo acaba co orgasmo.
- O máis importante no sexo é o orgasmo.
- Ás mulleres cústalles máis chegar ao orgasmo.
- O tamaño do pene é moi importante para manter relacións sexuais.
- As parellas fan na cama o que ven no porno.
- O sexo duro excita máis e dá máis pracer.
- Unha mamada non se considera sexo.
- É normal que unha rapaza se resista ao principio cando intentan ligar con ela.
- Só hai un tipo de porno que excita a todo o mundo.

#### **7.5. O consentimento:**

Esta actividade realizarase por medio da reprodución da curta “Consent. It’s simple as a tea”. Este vídeo pode atoparse no seguinte enlace:

**<https://www.youtube.com/watch?v=E4WTnJCMrH8>**

Esta videocreación explica, por medio da metáfora de facer e tomar té, que é o consentimento e como debe ser (voluntario en estado lúcido, reversible -pode cambiar en calquera momento-, específico).

Tras o visionado promoverase un debate sobre o que viron, sobre o que destacarían e pediráselles que elaboren unha definición sobre o consentimento.

### **7.6. A educación sexual:**

Na obra hai un sketch onde dous pais discuten que teñen que facer ante o descubrimento de que a súa filla ve porno.

Baixo este punto de partida poderemos debater sobre a educación sexual que recibiu o alumnado e sobre a que cren que deberían ter recibido. É importante que esta converse sexa despersonalizada. Non lles preguntamos sobre as súas propias experiencias e formacións, senón que preguntamos polo que pensan que sucede de media na sociedade.

As preguntas que propoñemos serían as seguintes:

- A que idade cres que os/as nenos/as ou os/as rapaces/rapazas ven o seu primeiro contido erótico?
- A que idade cres que reciben de media a súa primeira conversa sobre educación sexual?
- E a que idade cres que debería ser?
- Cres que os pais/nais de hoxe en día falan abertamente de sexo cos seus fillos?
- Que contidos se imparten na educación sexual actual?
- E cales botas en falta?
- Dispós de alguén con quen falar abertamente sobre dúbidas relacionadas co sexo, sen presións?
- Estarías disposto/a a responder abertamente as preguntas sobre sexo no caso de que chas fixera un/ha irmán/á menor?

### **7.7. A presión nas relacións:**

Na obra hai un sketch onde unha parella ten unha primeira cita cunha persoa que coñece nunha aplicación. A presión da situación lévaos a comportarse de maneira ridículo querendo aparentar aquilo que non son. A presión nestas situacións pode ser moi elevada debido a ausencia dunha educación sexual que nos ensinara a querernos máis a nós mesmos. Con motivo disto, propoñemos aquí dúas escenas de corte teatral. Pódense abordar como material para unha simple lectura, ou ir máis alá e tratar de preparar unha pequena representación teatral da mesma.

En todo caso, o material busca establecer o debate de como debe comportarse o alumnado ante estas dúas situacións. O final aberto permite que o alumnado escolla como quere que acabe, ou como pensa que vai acabar.

### Escena 1

*(Logo dun partido de hockey, no propio campo.)*

**EL:** Ola.

**ELA:** Oes, moi guai o partido.

**EL:** Gracias.

**ELA:** Eu nunca vira un partido de hockey. Pensei que aquí só se xogaba ao fútbol.

**EL:** A min o fútbol abúrreme.

**ELA:** Fuches o mellor xogador.

**EL:** Ti cres?

**ELA:** Vin o partido.

**EL:** Non tiven o meu mellor día.

**ELA:** Hostia, pois como será entón cando o teñas.

**EL:** Pois moitas grazas, pero non sei como te chamas.

**ELA:** Chámome Laura.

**EL:** Eu son Sergi.

**ELA:** Seino, ou por que pensas que estou a falar contigo.

**EL:** Dáme o teu insta?

**ELA:** Podes vir ata á miña casa, e xa cho dou alí.

**EL:** Á túa casa?

**ELA:** Non vai haber ninguén, que miña nai non chega do traballo ata as nove.

## Escena 2

*(Na barra dunha discoteca.)*

**EL:** Podo invitarche a algo?

**ELA:** Xa teño.

**EL:** Pois á próxima.

*(Ela non contesta. Ignórao. El insiste.)*

**EL:** Xa me teño fixado en ti antes, pero nunca me atrevera a falarche.

**ELA:** E?

**EL:** Va, non mo poñas tan difícil, que son un tío cortado.

**ELA:** Que teño, que agradecercho?

**EL:** Non, hostia, pero fala un pouco comigo.

**ELA:** E que estou a facer?

**EL:** Que dura, non?

**ELA:** Mira, xa está. Teño mozo, así que aire.

**EL:** E onde está? Na casa?

**ELA:** Si, na casa.

**EL:** Pois moito non te debe querer. Se fora eu non te abandonaba desa maneira.

**ELA:** Non, xa vexo o pesado que es.

**EL:** Tratábache como a princesa que es.

**ELA:** Vaia puto topicazo.

**EL:** Como o de que tes mozo.

**ELA:** Que pasa? Estasme a dicir que minto. E así ligas ti?

**EL:** Hostia! E como queres que o faga?

### **7.8. O sexting:**

Seguindo coa teatralización de escenas, propoñemos aquí outra sobre a cuestión do *sexting* e a presión que implica nas parellas. Novamente, a idea é fomentar o debate sobre o tema e as consecuencias nocivas que, neste caso, tería a difusión por internet dese material. É conveniente establecer tamén as consecuencias legais desta difusión, sendo isto un delito tipificado.

### Escena 3

*(Conversa por whatsapp.)*

**EL:** Ola, guapa.

**ELA:** Que pasa, pivón?

**EL:** Que fas?

**ELA:** Preparando o exame de mañá.

**EL:** E non tes un momento para min?

**ELA:** Para ti, todos.

**EL:** Queres quedar?

**ELA:** Xa che dixen que estou co exame.

**EL:** Toma, para que o pases ben.

**ELA:** Veña... Non me mandes máis fotos, que me descentro.

**EL:** Que pasa? Non che gusta a miña pirola?

**ELA:** Por favor, para...

**EL:** Mándame ti algo.

**ELA:** Agora non.

**EL:** Nin agora nin nunca.

**ELA:** Como?

**EL:** Que nunca me queres mandar nada. Non me veñas coa excusa do exame.

**ELA:** Vale. Toma. Contento?

**EL:** Moito. Mándame agora unha da túa cona.

**ELA:** De verdade?

**EL:** Porfa.

**ELA:** Pero logo déixasme en paz.

**EL:** Prometido.

**ELA:** Aí che vai. Pásao ben.

**EL:** Pasaríao mellor cun vídeo.

**ELA:** Que morro tes... Non vou gravar un vídeo.

**EL:** Veña, só un dedo rápido. Así paras un pouco e relaxas.

### 7.9. Verdadeiro ou falso:

Para acabar facemos unha pequena recollida de todo o falado no taller, para saber se tivo unha certa repercusión no alumnado, e tamén buscando unha certa conclusión final. Para iso valerémonos dun consabido xogo de verdadeiro ou falso, onde eles/as terán que establecer o correcto para cada afirmación:

- A pornografía é unha ficción que non representa a complexidade da sexualidade humana, senón situacións que non son reais.  
(VERDADEIRO)
- As zonas eróxicas máis importantes son os xenitais. (FALSO)
- Se non hai penetración non hai sexo. (FALSO)
- O clítoris é un órgano que ten un papel fundamental no pracer feminino. (VERDADEIRO)
- O obxectivo dos encontros eróticos non ten porque ser exclusivamente chegar ao orgasmo, senón experimentar distintos praceres e, sobre todo, atoparse ben. (VERDADEIRO)
- O uso do preservativo non axuda a que os encontros sexan máis seguros e satisfactorios. (FALSO)
- Cada persoa é diferente e vive a súa sexualidade e a expresa de formas distintas (diferentes orientacións, diferentes expresións de xénero, diferentes eróticas). (VERDADEIRO)
- Cada corpo é distinto (en termos de tamaño, peso, forma, cor de pel, mobilidade ou funcionalidades) e todos son válidos. (VERDADEIRO)
- Os homes necesitan máis sexo que as mulleres, e por iso consumen máis porno. (FALSO)
- Os roles de xénero asociados aos comportamentos eróticos que presenta o porno son estereotipados e as relacións de poder entre homes e mulleres asimétricas. (VERDADEIRO)
- As mulleres lesbianas son e compórtanse sempre como amosa o porno.  
(FALSO)

- As persoas bisexuais consumen máis porno porque son máis promiscuas. (FALSO)
- A identidade dunha persoa defínea a persoa e esta debe ser tratada como se sinte. (VERDADEIRO)
- As fantasías son pensamentos agradables, estimulantes ou excitantes que activan a nosa mente nun sentido erótico; non cousas que se queiran realizar. (VERDADEIRO)
- O consentimento é a forma que temos de establecer que todas as partes involucradas na relación sexual o fagan de forma desexada, consciente e san. (VERDADEIRO)
- A insistencia para que un “non” se convirta nun “si” é un bo método para ligar. (FALSO)
- É necesario comunicar positivamente as nosas necesidades e desexos e respectar os das outras persoas. (VERDADEIRO)
- O sexo sempre é mellor cando o fas con alguén en quen confías e que te trata con respecto. (VERDADEIRO)
- Na pornografía obsérvase a posibilidade de face calquera cousa, por moi violenta que sexa e con calquera tipo de risco, como se este non existira. (VERDADEIRO)
- A pornografía é un bo lugar para buscar información sobre sexualidade. (FALSO)